

ACTA 2ª.

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022.

Sendo as 14,00 horas do día 12.02.2024 reúnense os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 15.11.2023, e cuxa composición foi publicada no BOP do 21.11.2023 e na páxina web e taboleiro de edictos do Concello.

Asisten os seguintes membros:

Presidente: José Alberto Iglesias Fungueiriño.

Secretario: Javier Nieves González.

Vogais:

-. Ignacio Soto González.

-. Mónica Neira Mato.

O obxecto da sesión é a análise das alegacións presentadas polos interesados contra as puntuacións outorgadas polo tribunal correspondentes á fase de concurso con data 29.11.2023, e que foron publicadas na páxina web municipal con data 01.12.2023, e igualmente fixar a data para a celebración do 1º exercicio da fase de oposición.

Dentro do prazo para presentar alegacións, se presentaron as seguintes:

1. DIEGO TARRÍO VILÁ (R.E. 202399900001742, do 11.12.2023).

O interesado alega o seguinte:

-. Que o Curso de urbanismo para arquitectos e outros técnicos ao servizo de administración impartido pola EGAP se lle valorou con 1,00 punto cando debían ser 3,00 puntos, posto que é curso superior organizado pola EGAP sobre urbanismo, e deste xeito ao non chegar ao máximo no apartado de outros cursos se lle puntúe con 0,25 puntos o Curso de acústica na arquitectura. DB-HR e outras normativas, de 14 horas.

Contestación:

A base 8.1.1.a) dentro do apartado de formación sinala:

Cursos de diplomado técnico urbanista do IEAL/INAP, superior de técnico de urbanismo da EGAP ou outros desta especialidade de análoga entidade. Valoración única por un ou máis cursos: 3,00 puntos.

Analizado o certificado do curso onde consta o contido do mesmo o tribunal acorda por unanimidade que non se pode considerar de análoga entidade aos cursos de diplomado técnico urbanista do IEAL/INAP, ou superior de técnico de urbanismo da EGAP, posto que non ten nada no contido de ordenación territorial, nin parte práctica, nin avaliación final do mesmo por un tribunal, e por outra banda unha parte importante do temario é de administración local, non de urbanismo propiamente dito.

Conclusión.

En consecuencia se desestima a alegación.

A continuación o tribunal por unanimidade, acorda:

1º) Convocar aos aspirantes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, que terá lugar no salón de plenos da Casa do Concello, sito en Praza do Concello núm.1 CP 15865 Pedrouzos - Brión, o próximo día 15 de marzo de 2024, ás 11,00 horas.

2º) Publicar na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello a acta desta sesión para xeral coñecemento.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión sendo as 15,05 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.